

A lectura de *Terraza* de Fran Alonso (Vigo, 1963), provoca en min un cúmulo de reflexións. Todas elas abordan dous aspectos: quer os límites dos xéneros (por exemplo, onde remata a poesía e comeza a prosa, ou viceversa) quer o que é privativo de cada un deses xéneros. Ambas digresións exceden por completo o espazo desta reseña, mais son necesarias para aclarar que o libro que comentamos cuestiona vehementemente estes lindes, tanto as difusas fronteiras de xéneros (a periferia dunha arte) como o que é o propio xénero (o seu núcleo, se é que na verdade existe tal esencia). Quen se adentre en *Terraza* ten que saber que a disposición tipográfica é a do verso, mais con frecuencia atopará que o que le podería encadrar perfectamente nun discurso prosaico: “Hoxe esquecín o meu pequeno/caderno, así que escribo na parte/de atrás do documento que levo/comigo...”.

O novidoso na obra que nos ocupa, escrita a modo dun diario composto na terraza dunha cafetaría, está en

que ese íntimo mirar sobre a repetida vida da cidade (persoas que sentan nas mesas, que viven nunha distancia perpetua a pesar de ter perto a posibilidade do amor ou da amizade e que acaban semellando fantasmas voluntarios ante a atenta observación do escritor) vai orixinando un tecido de desasosego. Esa textura angustiosa vai percibíndose en pequenas doses, como minúsculas gotas de amargura sobre a mediocre placidez dos días: “Dentro dun mes, as voces perderán ese fulgor/que as fai parecer novas”. Acazapada entre a consabida repetición do banal, emerxe a descuberta do tempo: “Pero intúo que o verán tamén/camiña en cadeira de rodas e quen/o empurra é o outono, entenrecido,/solidario e condescendente/coa es-

Dun íntimo mirar

Con coherencia existencial

ROMÁN RAÑA



tación que engrosará as listas/do paro temporal”.

Pasamos do decadente flâneur, o que deambula pola metrópole para revelar o seu tedio case indescribíbel; ao voyeur, o que espreita con se-

creta cercanía o mundo ao seu redor. Fran Alonso segue este ronsel, de tal xeito que o protagonista deste volume resulta ser o Tempo, de rápido pé, que suscita no autor raptos de melancolía: “Como molaría agora renovar/a vida pulsando algunhas/desas teclas sen destino”. Mais tamén de estrañeza pois os cidadáns que esperan o ómnibus aparecen metamorfoseados en animais estraños. O que aumenta e distorsiona a distancia entre o eu e os próximos. E a terceira e máis perturbadora circunstancia que nos desazona é a terríbel consciencia de que nós tamén estamos suxeitos ao devir temporal: “Se cadra/é a efeméride aceitosa/dun tempo/en que esta terraza/non existía./Nin sequera/no diminuto vestíbulo/da miña imaxinación”. O que aumenta o pesimismo dun libro que contén unha inusitada coherencia existencial e existencialista.

ALONSO, Fran, *A terraza*, Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP.12, 50 €